

DE AVALIACIÓN

TECNOLOXÍAS

Para a asignatura de Tecnoloxías impartida en 2º e 3º da ESO, aplicaránse os seguintes criterios:

CRITERIOS XERAIS

Avaliaráse a consecución das seguintes capacidades:

1. **Resolver problemas tecnolóxicos identificando os condicionantes, empregando os coñecementos precisos, propoñendo solucións variadas e desenvolvendo a máis axeitada nun contexto de traballo colectivo, e empregando adecuadamente os recursos de expresión e comunicación.**

Con este criterio trátase de avaliar o coñecemento do alumnado sobre a actividade técnica. Esta capacidade concrétese na elaboración dun plan de traballo para executar un proxecto técnico: conxunto de documentos cunha orde lóxica de operacións, coa previsión de tempos e de recursos materiais, con debuxos, cálculos numéricos,... Avaliarase a cooperación e o traballo en equipo nun clima de tolerancia cara ás ideas e opinións doutras persoas. Débese valorar, así mesmo, o emprego dun vocabulario específico e de modos de expresión tecnicamente apropiados.

2. **Realizar as operacións técnicas previstas nun plan de traballo utilizando os recursos materiais e organizativos con criterios de economía, seguridade e respecto ao ambiente e valorando as condicións do contorno de traballo.**

Preténdese avaliar a capacidade de construción do alumnado, seguindo a orde marcada no plan de traballo. As pautas para acadar o grao de desenvolvemento fixado son: o coidado no uso de ferramentas, de máquinas e de instrumentos, o aproveitamento de materiais, o uso de elementos reciclados e o traballo respectando as normas de seguridade e saúde. O grao de acabado debe manterse dentro de marxes dimensionais e estéticas aceptables.

3. **Identificar e conectar compoñentes físicos dun ordenador e outros dispositivos periféricos e explicar o seu funcionamento. Manexar o contorno gráfico dos sistemas operativos como interface de comunicación coa máquina.**

Búscase valorar a adquisición das habilidades necesarias para administrar un sistema informático persoal. As alumnas e os alumnos han ser capaces de conectar dispositivos externos e interconectalos con outros sistemas, personalizar os contornos gráficos, xestionar os diferentes tipos de documentos almacenando e recuperando a información en diferentes soportes. Deberán, así mesmo, realizar as tarefas básicas de instalación de aplicacións, mantemento e actualización que manteñan o sistema nun nivel de seguridade e rendemento.

4. **Describir propiedades básicas de materiais técnicos e as súas variedades comerciais: madeira, metais, materiais plásticos, cerámicos e pétreos. Identificalos en aplicacións comúns e empregar técnicas básicas de conformación, unión e acabado.**

Se avaliar o grao de coñecemento das propiedades térmicas dos materiais empregados nos proxectos. Así como a aplicación de cada material na fabricación de obxectos comúns, así como coñecer e utilizar adecuadamente as técnicas de conformación, unión e acabado empregadas no seu proceso construtivo, mantendo criterios de tolerancia dimensional e seguridade.

5. Representar mediante vistas obxectos e sistemas técnicos sinxelos, aplicando criterios de normalización.

Trátase de valorar a capacidade dos alumnos e das alumnas para representar obxectos e sistemas técnicos en proxección diédrica -alzado, planta e perfil, como ferramenta no desenvolvemento de proxectos técnicos. Preténdese avaliar a adquisición de destrezas para a súa realización tanto a manalzada, como mediante instrumentos de debuxo e aplicacións de deseño gráfico por ordenador. Para iso deberán seguirse os criterios normalizados de acoutamento e escala.

6. Elaborar, almacenar e recuperar documentos en soporte electrónico que incorporen información textual e gráfica.

Preténdese avaliar as habilidades básicas para a realización de documentos que integren información textual, imaxes e gráficos utilizando, por exemplo, follas de cálculo e procesadores de texto. Para logralo aplicaranse os procedementos e funcionalidades propias de cada aplicación para obter documentos progresivamente máis complexos e de maior perfección en canto á estruturación e presentación, almacenándoos en soportes físicos locais e remotos.

7. Analizar e describir nas estruturas do contorno os elementos resistentes e os esforzos aos que están sometidos.

Trátase de comprobar se o alumnado é quen de comprender a función dos elementos que constitúen as estruturas -trabes, piares, zapatas, tensores, arcos- e identificar os esforzos aos que están sometidos -tracción, compresión e flexión- valorando o efecto destes esforzos sobre os elementos estruturais dos prototipos fabricados na aula obradoiro.

8. Identificar, manexar e aplicar operadores mecánicos encargados da transformación e transmisión de movementos para deseñar obxectos técnicos, explicando o funcionamento dos operadores no conxunto e, se é o caso, calcular as relacións de transmisión.

Preténdese avaliar o coñecemento dos movementos empregados en máquinas: rectilíneo, circular e de vaivén. Coñecer os mecanismos de transformación e transmisión de movementos, así como a súa función dentro do conxunto da máquina. O alumnado debe ser capaz de aplicar estes coñecementos para construír maquetas con diferentes operadores mecánicos e de realizar cálculos para determinar a relación de transmisión en sistemas de poleas e engraxes.

9. Deseñar e simular circuitos coa simboloxía adecuada e montar circuitos formados por operadores elementais, nos que se empreguen os efectos da enerxía eléctrica e a súa capacidade de conversión noutras manifestacións enerxéticas, utilizando correctamente instrumentos de medida de magnitudes eléctricas básicas.

o é a de comprobar se as alumnas e os alumnos son capaces de utilizar a enerxía eléctrica no ámbito doméstico e industrial, e de aplicar o coñecemento e habilidade para deseñar e construír circuitos eléctricos. O alumnado debe adquirir destrezas no manexo do polímetro. Isto implica determinar tensión, corrente, resistencia, potencia e enerxía eléctrica, empregando os conceptos e principios de medida e cálculo de magnitudes.

MOMENTOS

Faráse unha avaliación inicial que servirá para que o profesor teña información sobre os alumnos e tamén que estes teñan información sobre o seu punto de partida.

Ademais farase unha avaliación por trimestre.

Trataráse de que todas as actividades teñan unha corrección rápida para que o alumno poida aprender dos erros e reflexione sobre a súa situación.

Os traballos prácticos, en contacto con material, permiten unha corrección rápida e personalizada que non se fará a vez sobre todos os aspectos da actividade, para evitar así que isto se traduza no desanimo do alumno.

INSTRUMENTOS ESPECÍFICOS

Para avaliar teránse en conta os seguintes instrumentos:

- O caderno do alumno: será recollido sen previo aviso ó longo do curso. Deberá conter ademais das fotocopias proporcionadas polo profesor, apuntes perasoais, as actividades realizadas e un diario do traballo desenvolvido no proxecto. O seu contido, a calidade da expresión gráfica e escrita, o vocabulario...danos unha idea dos obxectivos que vai acadando o alumno e as deficiencias que arrastra.
- A observación directa na clase: dela dedúcense actitudes do alumno cara ó traballo individual e en equipo, a constancia, a observación das normas de seguridade, a actitude fronte á asignatura, o respecto por todos os membros do grupo.....
- As actividades escritas: ó longo das unidades, o profesor propondrá algunha actividade individual para a súa realización na aula ou na casa.
- O traballo de investigación: avaliarase o seu contido e presentación, así como a selección e valoración crítica da información.
- A exposición oral: avaliarase o vocabulario técnico empregado, en función do nivel do alumno; o coñecemento e preparación da exposición; o reparto de responsabilidades.....
- Os obxectos construídos: orixinalidade e estética, economía dos materiais, acabados e o grao de dificultade.
- As probas escritas.

proxectos: avaliarase o seu contido, a calidade, a
to de estruturalo.

- Os planos: avaliarase o emprego da normativa, a presentación e a forza comunicativa do debuxo, o mesmo que o rigor nos temas tratados.

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

A comenzo de ano escolar infórmaseselles ós alumnos que os criterios de cualificación que se terán en conta o longo do curso serán os seguintes:

- | | |
|---|-------------|
| - Probas escritas | 50% |
| - Traballos individuais
(Clase, investigación, caderno...) | 20% ou 15 % |
| - Proxectos ou traballos en grupo | 15% ou 20% |
| - Predisposición cara ó traballo.
Interese pola asignatura.
Cumprimento das normas. | 15% |

PERDIDA DO DEREITO Á AVALIACIÓN CONTÍNUA

Recordaráselles ós alumnos o artigo 51º do R.R.I. do centro: "Cando un alumno teña mais dun 10 % de faltas inxustificadas nunha materia, perderá o dereito á avaliación contínua. O departamento correspondente determinará as probas de avaliación que deberá realizar nas dúas últimas semáns do curso."

SITUACIÓNS NAS QUE SE CONSIDERA QUE O ALUMNO ABANDONA A MATERIA

Considerarase que un alumno abandonou a materia de Tecnoloxías cando sumen dous ou mais das situacións descritas a continuación:

- non presentar os traballos individuais plantexados ó longo do curso,
- non participar activamente co seu equipo nos proxectos elaborados no taller,
- non traer o material educativo de xeito regular,
- presentar os exames en branco,
- amosar unha actitude negativa e desinteresada cara á materia.

DE AVALIACIÓN

TECNOLOXÍA 4

CRITERIOS XERAIS

Avaliaráse a consecución das seguintes capacidades:

- Describir as razóns que fan necesario un obxecto ou sistema tecnolóxico cotián, valorando os efectos positivos e negativos da súa fabricación, uso e desfeito, sobre o medio natural e o benestar das persoas.
- Definir y estudar as características que debe reunir un obxecto, instalación ou servicio capaz de solucionar unha necesidade cotián do ámbito escolar, doméstico ou persoal.
- Analizar, no proceso de resolución dun problema técnico, a constitución física (dimensións, funcionamento do conxunto, partes...) dun obxecto sinxelo e cotián, empregando os recursos verbais e gráficos necesario
- Representar un obxecto en proxección diédrica ou perspectiva (boceto ou delineado), empregando seccións cando fose necesario, e outros recursos como color ou sombras.
- Planificar as tarefas de construción dun obxecto ou sistema capaz de resolver un problema práctico, producindo os documentos gráficos, técnicos e organizativos apropiados e realizando as xestións para adquirir os recursos necesarios.
- Realizar as operacións técnicas previstas no plan de traballo do proxecto, para construír e ensamblar as pezas de forma segura e rigurosa.
- Medir con precisión suficiente, no contexto do deseño ou análise dun obxecto ou sistema, as magnitudes básicas e aplicar os algoritmos necesarios para calcular as magnitudes derivadas.
- Ilustrar con exemplos os efectos económicos, sociais e ambientais da fabricación, uso e desfeito dunha determinada aplicación da Tecnoloxía, valorando as súas vantaxes e inconvenientes.
- Cooperar na superación de dificultades que se presentan no proceso de deseño e construción dun obxecto ou sistema tecnolóxico, aportando ideas e esforzos con actitude xenerosa e tolerante cara ás opinións e sentimentos dos demais.

al que servirá para que o profesor teña información sobre os alumnos e tamén que estes teñan información sobre o seu punto de partida.

Ademais farase unha avaliación por trimestre, e por tratarse dunha avaliación continua, as notas da última serán as que correspondan ó curso ou ciclo.

Trataráse de que todas as actividades teñan unha corrección rápida para que o alumno poida aprender dos erros e reflexione sobre a súa situación.

Os traballos prácticos, en contacto con material, permiten unha corrección rápida e personalizada que non se fará a vez sobre todos os aspectos da actividade, para evitar así que isto se traduza no desanimo do alumno.

INSTRUMENTOS ESPECÍFICOS

Para avaliar teránse en conta os seguintes instrumentos:

- O caderno do alumno: será recollido sen previo aviso ó longo do curso. Deberá conter ademais das fotocopias proporcionadas polo profesor, apuntes perasoais, as actividades realizadas e un diario do traballo desenvolvido no proxecto. O seu contido, a calidade da expresión gráfica e escrita, o vocabulario...danos unha idea dos obxectivos que vai acadando o alumno e as deficiencias que arrastra.
- A observación directa na clase: dela dedúcense actitudes do alumno cara ó traballo individual e en equipo, a constancia, a observación das normas de seguridade, a actitude fronte á asignatura, o respecto por todos os membros do grupo.....
- As actividades escritas: ó longo das unidades, o profesor propondrá algunha actividade individual para a súa realización na aula ou na casa.
- O traballo de investigación: avaliarase o seu contido e presentación, así como a selección e valoración crítica da información.
- A exposición oral: avaliarase o vocabulario técnico empregado, en función do nivel do alumno; o coñecemento e preparación da exposición; o reparto de responsabilidades.....
- Os obxectos construídos: orixinalidade e estética, economía dos materiais, acabados e o grao de dificultade.
- As probas escritas.
- O caderno de proxectos: avaliarase o seu contido, a calidade, a claridade e o xeito de estruturalo.
- Os planos: avaliarase o emprego da normativa, a presentación e a forza comunicativa do debuxo, o mesmo que o rigor nos temas tratados.

A comenzo de ano escolar infórmaselles ós alumnos que os criterios de cualificación que se terán en conta o longo do curso serán os seguintes:

- | | |
|---|-------------|
| - Probas escritas | 50% |
| - Traballos individuais
(Clase, investigación, caderno...) | 20% ou 15 % |
| - Proxectos | 15% ou 20% |
| - Predisposición cara ó traballo.
Interese pola asignatura.
Cumprimento das normas. | 15% |

PERDIDA DO DEREITO Á AVALIACIÓN CONTÍNUA

Recordaráselles ós alumnos o artigo 51º do R.R.I. do centro: "Cando un alumno teña mais dun 10 % de faltas inxustificadas nunha materia, perderá o dereito á avaliación contínua. O departamento correspondente determinará as probas de avaliación que deberá realizar nas dúas últimas semáns do curso."

SITUACIÓNS NAS QUE SE CONSIDERA QUE O ALUMNO ABANDONA A MATERIA

Considerarase que un alumno abandonou a materia de Tecnoloxías cando sumen dous ou mais das situacións descritas a continuación:

- non presentar os traballos individuais plantexados ó longo do curso,
- non participar activamente co seu equipo nos proxectos elaborados no taller,
- non traer o material educativo de xeito regular,
- presentar os exames en branco,
- amosar unha actitude negativa e desinteresada cara á materia.